


2.º premio do VI Concurso literario *Mazarelos* (2020)

Adrián Casanova Chiclana

# ZARAPATA 8.º D







# ZARAPATA 8.º D

Adrián Casanova Chiclana



**E**spertou nun branco corredor, impregnado de asepsia. Quedara durmido no seu asento, tardaban demasiado en o chamaren. Orfo do apreixo de Morfeo, cada vez se atopaba máis nervioso. Uns minutos despois, unha enfermeira, cunha especie de casco corintio na cabeza, pronunciaba os seus apelidos e nome:

–García Branco, Xusto. Pode pasar.

Nunca lle gustou esa forma de chamar a xente, cos apelidos diante. A Xusto resultáballe intimidatoria...

### BRANCO SOBRE FONDO BRANCO

Camiño resignado cara ao centro do cuarto no cal se atopa unha cadeira e unha mesa co material. A enfermeira comezoume a explicar o procedemento para a toma da mostra para a PCR cuxos resultados tería a última hora da tarde.

–Vai ser molesto.

–Peor ca un exame de próstata? –dixen, para vacilar un pouco.

A enfermeira chiscoume un ollo e con certa sorna respondeume:

–Quizais.

Quedei pampo e comeceime a aferrar con forza á cadeira namentres sentía unha variña que parecía que ía furarme o cranio, coma unha trepanación feita ao revés. As bágoas comezaron a inundar as miñas incipientes engurras, coma se dun torrente se tratase.

**90%**

Saín do laboratorio apresuradamente. Tiña o día "libre" posto que a factoría estaba pechada para todos nós. Polo menos ata obter os resultados de todas as persoas que traballabamos alí, no polígono industrial da fumegante Capital. Volvo camiñando, non quero coller o metro, non vaia ser que sexa eu a orixe dun novo brote. Comézome a sufocar. Agárdanme tres horas de camiño.

Tras atravesar Capital, atópome no meu barrio. Xa vexo o meu piso, na oitava planta daquel vello edificio gris. Con todo, o edificio ten unha cella verde formada polas miñas plantas aromáticas. Todas as mañás as saúdo ao me asomar pola única ventá que teño. Sempre cunha recendente cunca de café.

No supermercado procuro ter máis coidado, hai demasiada xente e non quero ser a orixe dun novo brote. Meto no carro latas de conservas, conxelados, froita, cereais e obviamente chocolate (moito chocolate). Detéñome diante do estante co papel hixiénico. Resisto a tentación de comprar un palé e confórmome cun paquete de 12 rolos extra-suaves.

Agardo na cola do pagamento, amenizada polos asubíos dos produtos rexistrándose no tícket de compra. Entretéñome co móbil, ten un 90% de batería aínda. Cando chega a miña quenda a caixeira devólveme unha mirada de desconcerto. Estamos no mediodía dun mércores e isto semella a compra dun carro de viandas para resistir nun búnker da Guerra Fría..., ou facer un confinamento pola COVID-19. Comezo a suar abundantemente e ela traballa aínda máis freneticamente para poder perderme de vista axiña.

**80%**

Levo soamente un mes en Capital e atópome con isto. Xa é mala sorte, tras ter que marchar de Galicia outra vez na procura de novas oportunidades. Xa estou na miña zarapata de 35 metros cadrados. Farei as tarefas pendentes da casa e verei algunha película, teño que deixar pasar o día e agardar os resultados. Tereinos nunhas seis horas.



**70%**

Non tiven tempo de contratar a Internet no piso, emprego a zona wifi que xera o meu móbil para seguir hiperconectado ao mundo desde o meu portátil. Elixo da plataforma unha película e desfruto. Cal? *Interstellar*.

**60%**

Deitado no meu sofá viaxo polo universo, desafiando o espazo e o tempo. A luz do sol comeza a ser crepuscular, os resultados deben de estar a piques de chegaren. Coordínome co protagonista da película, Matthew McConaughey en canto ás pulsacións por minuto se refire.

**40%**

A película rematou, abraioume. A batería do móbil descendeu vertixinosamente, o prezo dunha longa conexión será un apagamento. Teño que sacar o cargador da mochila, estará remexido con todas as miñas ferramentas . O grupo do Whatsapp do choio comezou a cacarexar sen parar. A miña fronte comeza a ferver namentres entro no meu correo electrónico.

**38%**

Na bandexa da entrada está a mensaxe do laboratorio clínico. Sigo a ligazón cara a rodeiras salvaxes. Introduzo un contrasinal nunha caixa branca que semella unha pechadura dixital. Abriuse a comporta e un documento é descargado. Cae coma un meteoro no meu cartafol. Comezo a ler coma un foguete...

Datos do paciente...Non.

Interpretación dos resultados...Non.

Tecnoloxía...Non.

Resultados...

POSITIVO

POSITIVO

POSITIVO

POSITIVO

Costa abaixo e sen freos.

35%

Maldigo a miña sorte dez veces.

Como puido pasar? Será un erro? Sexa un erro ou non terei que estar confinado. Aviso exclusivamente as persoas máis achegadas, non vos preocupedes, atópome ben. Algo mareado quizais, pero ben. Envío o documento cos resultados á sección do persoal da factoría. Hai máis casos entre os meus compañeiros e compañeiras.

Maldigo a miña sorte cen veces.

Finalmente, avísoa a ela. Mellor suspender a cita do venres. Anulo a reserva do restaurante e dígolle que empregue a miña entrada para o concerto para ir con algunha amizade. Preocúpase moito. Atópome ben. Como propina dígolle que se terá que facer o test PCR. Que a chamarán do Servizo de Saúde. Pero ten unha entrevista de traballo o venres. Comeza a chorar. Dígolle que pode facer o test nunha clínica privada que coñezo e aínda atenden o teléfono xa que dobraron as quendas. Está bastante mal de cartos. Non contaba con este gasto e comézase a afundir.

## 25%

Na fase final do seu proceso selectivo había soamente catro candidatas, contando con ela. Un 25% de probabilidade de volver ter un traballo. Miro o móbil, coa batería en laranxa. A última cita con ela fora hai 12 días, antes da morte do seu pai. Chama e pide unha cita. Fágoche unha transferencia.

Maldigo a miña sorte mil veces.

—Se consigo o traballo levareite cando saias a un sitio chulo, novato en Capital. Vale? E devolvereiche os cartos coa primeira nómina.

**20%**

O sol está dourando con cálidas cores o meu dormitorio.

O móbil xace moribundo riba da mesa.

Lánzome sobre a mochila do choio para coller o cargador.

Non aparece.

Tiro con todo. Todo sae voando, busco e rebusco.

Non aparece.

Acéndese o meu proxector mental e a través da ventá vexo unha escena. Estaba saíndo onte do choio, onde o carguei por última vez. Enriba da mesa do comedor, aínda enchufado, quedou o meu único cargador. Deixárao abandonado para atender a chamada que nos convocaba, coma se de mobilizar levas se tratase, para as probas.

**19%**

Un pardal posouse na repisa da miña ventá. Mírame con curiosidade. Pica no cristal timidamente. Despois, perfuma a plumaxe usando o romeu coma se fose o *roll-on* dun desodorizante.

Seica tes unha cita,

sorte amigo.

**16%**

Novamente o proxector se pon en marcha. Nos seus rolos dentados hai outra película xirando coa súa morna chocallada de fondo. Na pantalla aparece a escena dunha tormenta de verán. Vexo os brillantes ollos dela, eu refuxiado no seu paraugas. Atópome pingando. A súa tenra mirada atravésame cun sorriso, prólogo dun bico. E doutro bico, e doutro..., deses que quitan o alento. Estou bicando a ventá.

Apago o móbil, déitome fundido.

O xoves remata e non fixen nada máis en todo o día ca laiar. Tamén mirar fixamente puntos invisibles nas paredes. Quizabes poida pedir un cargador á miña veciñanza, aínda que implique rachar coa corentena durante un intre. Pedilo sen contacto directo. Só coñezo os do oitavo C e son unha parella de xubilados.

Non.

Saio e timbro no B, non responde ninguén. Quizais estea o piso baleiro. Diríxome cara á porta A. No momento en que a xema do meu dedo enlucado rozaba o seu timbre escoitei a voz dunha nena pequena. Teñen unha filla...

Non.

Dáme vergoña a miña situación...

Volvo ao piso.

Acendo o móbil novamente, estamos a venres.

**15%**

Recibo unha mensaxe dela, deu negativo na proba de onte e diríxese cara á entrevista de traballo. Deséxolle sorte cunha especie de versos perdidos.

Vamos! Motívome.

Aínda que vivo nun espazo pequeno teño unha bicicleta estática en fronte da televisión. Estase pedaleando o Tour de Francia e agora que o penso teño tempo para o ver. Son un auténtico fan de Tadej Pogačar, unha promesa do ciclismo esloveno. Ata teño unha réplica do seu equipamento co dorsal!

Estou mellor. Apago o móbil.

### **Tour de Francia**

A esta hora acendo a televisión todos os días para ver as etapas completas do Tour, pedaleando varias horas ao día. Mañá hai etapa da montaña, subireille a resistencia á bicicleta estática.

Ducha fría.

Cear

contos de Ánxel Fole.

### **Estou confinado**

As miñas verbas só poden saír nos  
fugaces recreos desta cárcere.  
Mensaxes transportadas por veloces  
pombas eléctricas.



11%, 9%, 8%, 7%...

—Non te preocupes, mamá. Estou ben. Se todo vai correctamente, na ponte de outubro, poderei pasar por casa...

5%

—Conseguiches o traballo! Parabéns!

2%, 1%

*This must be the place. Talking heads.*

0%

O móbil queda inerte no chan. Exhausto.

**Lure-La Planche des Belles Filles**

**(CRI, 19 de setembro do 2020).**

Xusto atópase no derradeiro día da corentena. Á fin! Pedalea con rabia sobre a bicicleta estática vendo unha durísima etapa contra o reloxos que vai ser histórica. Coma aquela na que Greg Lemond bateu a Laurent Fignon no 89, gañando o Tour por 8 segundos!

Quedarán con ela mañá.

Reincorporarase ao traballo o luns.

Irán ao cine o martes: *Cinema Paradiso*.

*Pogačar está facendo historia, 400 metros para se proclamar  
campión do Tour de Francia!*

*Un fito na historia desta competición!!*

*Non damos creto!!!*

**Liberdade condicional**

Xusto será home ceibe o domingo,  
no undécimo día,

retomar o pulso á vida.

Esta é dura, mais tenta querela.

Xusto alza os brazos,

cruzando a liña da meta.

**---FIN---**